

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE AGOSTO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezasete de agosto de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións, don Juan González Leirós, segundo delegación de funcións efectuada por Resolución da Alcaldía núm. 1307/2021, do 4 de agosto, reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria, por non existir quórum para a válida constitución en primeira convocatoria, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 10 de agosto de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de agosto de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde do 11 de agosto de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica o anexo da Orde do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan de autorización xudicial para a súa eficacia, e pola que se modifica o seu anexo. (Diario Oficial de Galicia número 155-Bis, do 13 de agosto de 2021). O Concello de Cambre mantense no nivel de restricións alto.

- Orde do 13 de agosto de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se suspende a esixencia da exhibición de documentación para o acceso a determinados establecementos prevista nela e na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria

ocasionada pola COVID-19, e se substitúe por unha regulación transitoria e provisional. (Diario Oficial de Galicia número 155-Bis, do 13 de agosto de 2021).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 6 ao día 11 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1385/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 1418/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1385/2021	06-08-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de agosto de 2021
1386/2021	06-08-2021	Concesión axuda aluguer a J.C.G.A. por importe de 420 euros
1387/2021	06-08-2021	Reparación de elementos en parque biosaudable de Pravio. Roza da zona perimetral
1388/2021	06-08-2021	Concesión de licenza para obras de ampliación de edificio comercial da estación de servizo situada en Quintán, Cecebre.
1389/2021	06-08-2021	Concesión de permiso para a modificación de licenza de terraza concedida por Resolución da Alcaldía do 27 de maio de 2021, fronte a local sito na rúa Río Valiña, A Barcala
1390/2021	06-08-2021	Concesión de permiso para a modificación de licenza de terraza concedida por Resolución da Alcaldía do 7 de maio de 2021, fronte a local mesón pulpeira sito no Paseo dos Templarios, O Temple
1391/2021	06-08-2021	Concesión de permiso para a ocupación da vía pública cunha terraza durante o ano 2021 fronte a café-bar sito na rúa Francisco Añón, O Temple
1392/2021	06-08-2021	Tramitación multas de tráfico - 4384/2021 Resolución de primeiras alegacións ordinario
1393/2021	06-08-2021	Avocación de funcións do concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio do 9 ao 22 de agosto 2021
1394/2021	06-08-2021	Concesión dos premios do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2021
1395/2021	09-08-2021	Concesión axuda recibos de luz por importe total de 121,19 euros a M.C.C.
1396/2021	09-08-2021	Licenza de segregación de parcela sita en lugar Lema, Brexo, de 2.572 m2 en catro parcelas de 1062,89 m2, 1231,82 m2, 228,54 m2 e 48,75 m2, sendo as dúas últimas de cesión ao concello
1397/2021	09-08-2021	Licenza de segregación de terreo sito en Apeadeiro - Cecebre de 3.932 m2 en cinco parcelas de 1.128 m2, 758 m2, 851 m2, 955 m2 y 240 m2, sendo a última de cesión obrigatoria ao concello.
1398/2021	09-08-2021	Licenza de segregación de terreo sito en Nebrixe - Bribes de 2.785 m2 de superficie dunha parcela de 141, 10 m2 para posterior cesión ao concello co fin de regularizar o viario público.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1399/2021	09-08-2021	Concesión axuda aluguer por importe total de 700 euros a L.D.R.J.
1400/2021	09-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 9.294,00 euros
1401/2021	09-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 60.932,77 €
1402/2021	09-08-2021	Concesión axuda emerxencia social alimentación a N.S.G. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1403/2021	09-08-2021	Informe ao recurso especial en materia de contratación interposto polo Colexio oficial de Arquitectura Técnica de A Coruña, recurso TACGAL nº 166/2021
1404/2021	09-08-2021	Aprobación da convocatoria de bolsas para deportistas do Concello de Cambre 2021
1405/2021	09-08-2021	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos polo Convenio que ten o Concello de Cambre coa ANPA do colexio público de Sigrás no curso escolar 2019/2020.
1406/2021	09-08-2021	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos polo Convenio que ten o Concello de Cambre coa ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro no curso escolar 2019/2020.
1407/2021	09-08-2021	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos polo Convenio que ten o Concello coa ANPA Mencer do CEIP Graxal no curso escolar 2019/2020
1408/2021	09-08-2021	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos polo Convenio que ten o Concello coa ANPA Brexo-Lema no curso escolar 2019-2020.
1409/2021	10-08-2021	Concesión axuda tratamento odontolóxico por importe de 315 euros a A.I.D.T.
1410/2021	10-08-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 6.199,12 euros
1411/2021	10-08-2021	Devolución de ingresos indebidos por avaría
1412/2021	10-08-2021	Aprobación do listado de admitidos para as actividades de verán 2021
1413/2021	10-08-2021	Aprobación actividade artística XOANA
1414/2021	10-08-2021	Tramitación de multas de tráfico - 99500000023314 Acordos de inicio
1415/2021	10-08-2021	Licenza de edificación de vivenda no lugar de Riveiriña - Bribes promovida por D.M.P.
1416/2021	11-08-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentación a N.C.S., por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade
1417/2021	11-08-2021	Espectáculos de ciencia para todos os públicos na feira de ciencia "Open Science Cambre 2021" a celebrar o 18 e 19 de setembro
1418/2021	11-08-2021	Resolución Alcaldía concesión do adianto da nómina do mes de agosto de 2021 por importe de 500 euros

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do proxecto de “Arranxo dos camiños municipais. Fase II”
- Suspensión do procedemento de adxudicación do “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre”, por mor de recurso especial en materia de contratación interposto polo Colexio oficial de Arquitectura Técnica da Coruña. Expte: 2021/C004/000004
- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), para adxudicación do servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal. Expediente: 2021/C004/000021

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos catro concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

#### **A) Proposta de aprobación do proxecto de “Arranxo dos camiños municipais. Fase II”**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, de data 13 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 11 de agosto de 2021 asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, o proxecto denominado “Arranxo dos camiños municipais. Fase II”, cun orzamento base de licitación de 290.995,55 € IVE incluído.

O dito proxecto consiste na execución de diversas obras de acondicionamento de camiños públicos dentro do termo municipal, cuxo firme se atopa deteriorado, tanto na rodadura como na súa capacidade portante, actuando fundamentalmente nas parroquias de Cela, Cecebre, Bribes, Santa María de Vigo e Pravio, dado que debido ao tráfico abundante nesas zonas, hai un deterioro na calzada, debido ao natural uso do ben, polo que é necesario o seu arranxo. Noutras parroquias actuarase dun xeito máis sinxelo con rebacheos puntuais.

Con data do 13 de agosto de 2021 emítase informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que “... *dado que os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, polo tanto, e desde o punto de vista urbanístico, se considera viable; sinalándose expresamente que os terreos afectados pola presente actuación son aptos urbanisticamente, para levar a cabo a súa execución*”.

Con data do 13 de agosto de 2021 emítase documento de retención de crédito pola Intervención Municipal, por importe de 290.995,55 euros con cargo á aplicación orzamentaria 454.21000.

Visto o artigo 231.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que establece que “*a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa **elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto** que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída ao outro órgano por unha norma xurídica*”.

En relación con este, o artigo 236 da LCSP determina que “*aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución (...)* Unha vez realizado o reformulo incorporase o proxecto ao expediente de contratación”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado “Arranxo dos camiños municipais. Fase II”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, cun orzamento base de licitación de 290.995,55 € IVE incluído.

**Segundo:** De conformidade cos artigos 231.1 e 236 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, que polo técnico competente se proceda a realizar o reformulo do proxecto.

**Terceiro:** Unha vez realizado o reformulo, incorporar o proxecto ao expediente de contratación para a aprobación deste pola Xunta de Goberno Local.

**Cuarto:** Dar traslado aos Departamentos de Servizos e Intervención Municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Suspensión do procedemento de adxudicación do “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre”, por mor de recurso especial en materia de contratación interposto polo Colexio oficial de Arquitectura Técnica da Coruña. Expte: 2021/C004/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 13 de agosto de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 05/08/2021 recíbese no Concello de Cambre escrito procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), no cal notifica a interposición por parte do Colexio oficial de Arquitectura Técnica da Coruña, de recurso especial en materia de contratación contra os Pregos de cláusulas administrativas particulares e Prescricións técnicas, do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004, incoado por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e publicado o 21/07/2021 na Plataforma de Contratación do Sector Público/Perfil de Contratante, e se solicita polo TACGAL a remisión do expediente xunto co correspondente informe.

No citado escrito de recurso, solicítase polo Colexio oficial da Arquitectura Técnica da Coruña a medida cautelar de suspensión do procedemento.

Con data do 9 de agosto actual díctase Resolución do Alcalde en funcións, nº 1403/2021, posteriormente ratificada pola Xunta de Goberno Local con data do 10 de agosto, na que se acorda:

**Primeiro:** *Desestimar as alegacións formuladas polo Colexio oficial da Arquitectura Técnica de A Coruña, no recurso especial en materia de contratación nº 166/2021, contra os Pregos de cláusulas administrativas particulares e Prescricións técnicas, do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004, incoado por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), xa que, tal e como se desprende do informe emitido polo arquitecto municipal don*



José ramón Díaz Barbeito con data do 9 de agosto de 2021 , nin pode considerarse esixible a presenza de arquitecto/a técnico no expediente que nos ocupa, nin estes profesionais exercen competencia para a redacción dos proxectos de urbanización que forman parte do obxecto deste contrato, esto tendo en conta que:

- Nos edificios que entran dentro dos traballos a contratar no presente contrato, que son os referidos a un uso TERCIARIO, a dirección de execución pode ser desempeñada, indistintamente, por profesionais con distintas titulacións, **non sendo en ningún caso unha exclusiva da titulación de arquitecto técnico**; polo que non pode obrigatoriamente imporse un profesional determinado, e así, nos Pregos recorridos, optouse por dous profesionais dos mencionados na Lei de ordenación da edificación: arquitecto e enxeñeiro.
- De conformidade cunha reiterada xurisprudencia, o ámbito competencial principal dos arquitectos/as técnicos/as é a de executar obras proxectadas por arquitectos/as, cuestión esta que tamén debe terse en conta cando se trata de analizar as competencias destes técnicos en materia de elaboración de proxectos cando non se precise un "proxecto arquitectónico", polo que para os arquitectos técnicos a facultade de elaborar proxectos refírese aos daquelas obras situadas dentro do seu ámbito competencial

**Segundo:** Toda vez que non se estiman as alegacións formuladas que constitúen o obxecto do recurso, non se aprecia circunstancia ningunha pola que proceda acordar a suspensión cautelar da tramitación do expediente formulada pola entidade recorrente, esto tendo en conta o establecido polo artigo 53 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Terceiro:** Remitir o informe ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, formando parte do recurso nº 166/2021, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 56.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e art. 28.4 do Real decreto 814/2015 do 11 de setembro que aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual.

**Cuarto:** Publicar a presente resolución na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 152.1 e 63.3.e) da LCSP.

**Quinto:** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local , para os efectos da súa ratificación.»

O expediente foi remitido ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con data do 9 de agosto de 2021, complementado con envío de data do 11 de agosto seguinte.

Con data 13/08/2021 recíbese no Concello de Cambre escrito procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), no cal notifica a Resolución sobre medida cautelar nº 75/2021 adoptada na mesma data do 13/08/2021, na que se resolve "Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación dun servizo de redacción de proxectos e direccións de obra do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004 dese Concello".

Na notificación indícase expresamente que "Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso", e se achega a ela un escrito no que o TACGAL informa do establecido no artigo 25.2 do Regulamento dos procedementos especiais

de revisión de decisións en materia contractual, segundo o cal “Unha vez recibida a notificación, se se acordase a suspensión, o órgano de contratación a levará a cabo de inmediato”

Tendo en conta o exposto.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004, en virtude da Resolución adoptada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con data do 13/08/2021 no Recurso nº 166/2021, Resolución de medida cautelar nº 75/2021.

**Segundo:** De conformidade co disposto no artigo 25.2 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado por RD 814/2015 do 11 de setembro, o acordo de suspensión terá efectos de xeito inmediato á recepción da resolución de medida cautelar, que foi recibida no Concello de Cambre con data do 13 de agosto de 2021.

**Terceiro:** Comunicar o presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, formando parte do Recurso nº 166/2021.

**Cuarto:** Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 152.1 e 63.3.e) da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), para adxudicación do servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal. Expediente: 2021/C004/000021**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 16 de agosto de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 13 de agosto de 2021, elaborouse polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, non división en lotes e elección do procedemento para a contratación do servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal, cun orzamento base de licitación de 152.937,28 euros, para un período de 2 anos prorrogable por 1 máis, e un valor estimado de 189.591,66 euros.

Constan asinados na mesma data, o prego de prescricións técnicas e o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia e condicións especiais de execución.

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal e asinado o 13 de abril de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22602 *Publicidade e propaganda Adm. Xeral.*

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 156 e concordantes da LCSP

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 15 de agosto de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, co que se persegue dar cumprimento ás competencias municipais nas distintas materias (cultura, promoción do tempo libre, infraestruturas,...), de conformidade co establecido no art. 25.2, apartados h), m) e ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como de acordo co establecido no art. 229.3.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, respecto da posibilidade de que as Corporacións locais editen, cunha periodicidade mínima trimestral, un Boletín informativo da entidade, e art. 234. b) do mesmo texto que reconece o dereito das asociacións a recibir as publicacións, periódicas ou non, que edite o concello, sempre que resulten de interese para a entidade atendido o seu obxecto social, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000021 por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Servizo de gabinete de comunicación do Concello de Cambre e edición do boletín de información municipal
- Orzamento base de licitación: 152.937,28 euros, IVE incluído
- Valor estimado: 189.591,66 euros
- Duración: 2 anos, podendo prorrogarse nas mesmas condicións ata un (1) ano máis

isto en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 ao 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta que conteña a mellor relación calidade-prezo, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22602, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.



**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A xefa da Unidade de Réxime Interior, dona Paula Villamisar Varela e, como suplente, a responsable da Axencia de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Ana María Portela Torrón

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

Verónica María Otero López